

**INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN DE PINTURA
DE LAUREANO VIDAL**

A Concellería de Cultura do Concello de Culleredo organiza o próximo venres 8 de maio de 2009, ás 20.30 h, na Sala de Exposiciones “Xosé Rey Lago” dos Muíños de Acea de Ama (O Burgo – Culleredo), o acto de inauguración da exposición de pintura do artista **Laureano Vidal**.

No transcurso do acto tomarán a palabra Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura, Carlos Pereira Martínez, historiador, e Laureano Vidal, pintor.

A exposición permanecerá aberta ao público do 8 ao 31 de maio de 2009, no seguinte horario:

Luns a venres: de 18.00 a 21.00 h.

Sábados: de 12.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h.

Apenas recuperados do intenso traballo artístico desenvolvido no II Diálogo de Pintura e Poesía de Culleredo, continuamos coa oferta expositiva da Sala “Xosé Rey Lago”. E facémolo cun mestre da pintura coruñesa, Laureano Vidal, que compartiu con nós, no citado Diálogo, o frenesi da creación.

É Laureano un artista de delongada traxectoria, recoñecida con múltiples premios. A súa obra puido verse nunha ampla selección de exposicións por toda a xeografía galega e española.

Nesta exposición, ofreceranos Laureano o seu último traballo artístico,

Non dubiden en achegarse. Disfrutarán coa súa pintura.

Datos biográficos

Laureano Vidal Fernández naceu na Coruña en 1951. É membro da Asociación de Artistas Plásticos de Galicia (ARGA) e da Asociación de Artistas da Coruña. Imparte clases de pintura. Participou en varias edicións de “American Prints” (Madrid, A Coruña), Feira do Grabado e Debuxo (A Coruña), Supermercado da Arte (Vigo), en varias edicións da Feira de Artes Plásticas de ARGA (A Coruña e Baiona) e na I Feira da Arte Galega (A Coruña, 2008).

Foi convidado aos “III Encontros de Pintura e Poesía”, da Deputación da Coruña, no Pazo de Mariñán (2007), aos I e II “Diálogo de Pintura e Poesía” do Concello de Culleredo (2008, 2009) e ao “III Encontro coa Arte” do Concello de Brión (2008).

Nos últimos anos, ten obtivo, en diversos certames, os seguintes premios:

3º Premio “Cidade de Lugo” (2001), 1º Premio “Cidade de Lugo” (2002), 2º Premio no Caurel-Lugo (2003), accésit Premio “Cidade de Lugo” (2005), 4º Premio no Caurel-Lugo (2005), 3º premio no Caurel-Lugo (2006), 1º premio Barcia-Valdés-Asturias (2006), adquisición de obra en Villanueva de Gumiel-Burgos (2006), 1º Premio Malpica de Bergantiños (2006), 4º premio El Casar-Guadalajara (2006), obra seleccionada premio Brihuega-Guadalajara (2006), accésit I Premio Mineiro Endesa (As Pontes) (2006), obra seleccionada en Bueño-Asturias (2006), 1º Premio I Certame Pintura Rápida do Concello de Noia (2008), 1º Premio XII Casa Castilla-La Mancha de A Coruña (2008).

Exposicións individuais e colectivas:

Santander: Sala “Dr. Madrazo”; Sala Caja de Ahorros de Santander; Galería “Pancho Cosío”; Galería “Santo Mouro”; Galería “María Blanchard”; Galería “Trazos”; Galería “Pasadena”; Galería “Marqués de Santillana”; Galería “Suances”; Gran Casino del Sardinero (Santander); e colectivas “Pintores de la tertulia Goya”, “Homenaxe al Pintor Víctor Castanedo” e “Homenaxe a Pío Muriedas”.

A Coruña: Galería “Xoti de Luis”; Colexio de Aparelladores COAAT; Colexio Oficial de Médicos; “Casino do Atlántico”; Asociación de Artistas; Sala “Jaspe”.

Santiago: “La Tacita de Juan”; Galería “La Campana”; Colectiva “Homenaxe ao Prestige”, Hostal dos Reis Católicos; Sala “Petronio Arte”.

Outros lugares: Hotel “Carlton” (Bilbao); Galería “Arzos” (Oviedo); Galería “Nova Rúa” (Lugo) e Galería “Forsse” (Burdeos-Francia).

Obras en coleccións:

Obra litográfica Universidad Menéndez Pelayo UIMP.

Obras en coleccións particulares de Madrid, Santander, Oviedo, Barcelona, Burdeos, París, Bilbao, Cáceres, Salamanca, Valladolid, A Coruña.

Obra mural Colexio de Aparelladores da Coruña (2003).

Obra mural Hotel Soto Real (Rábade - Lugo).

Obra mural Colexio de Aparelladores de Ferrol (2006).

Obra en Sala Petronio (Santiago).

Culleredo, 4 de maio de 2009.

O concelleiro de Cultura

Asdo. Celestino Poza Domínguez